

A FILOSOFÍA INTEGRADORA E IMPARATIVA DE RAIMON PANIKKAR. PARTICULARISMO, UNIVERSALIDADE E HARMONÍA

Victorino Pérez Prieto

Resumen

El artículo trata del pensamiento de Raimon Panikkar, un pensamiento que persigue una visión armónica de toda la Realidad, elaborada desde una complementación de la Ciencia, la Filosofía y la Teología, convencido de que la separación entre estas disciplinas es una distinción dualista que Occidente debe superar. Una Filosofía como “sabiduría del amor” más que el socrático “amor a la sabiduría”; y una filosofía *imparativa* o *dialógica*, que pretende estar permanentemente abierta en un esfuerzo de aprender de los otros, de los diferentes. *Particularismo* y *universalidad* están indisolublemente unidos en la búsqueda de la interrelación que existe de todo con todo. Esta visión armónica de toda la Realidad se plasma en la perspectiva que Panikkar llama *cosmo-te-ándrica* o *te-antropo-cósmica*; una visión trinitaria del Todo en el que están íntimamente vinculados Dios, el Ser Humano y el Cosmos.

Palabras clave: Raimon Panikkar, armonía de la Realidad, sabiduría del amor, filosofía imparativa, filosofía dialógica, particularismo, universalidad, interrelación, trinidad, cosmo-te-ándrica, teantropocósmica, Dios-Hombre-Mundo.

Abstract

The paper deals with Raimon Panikkar's thinking which seeks a harmonious vision of the whole reality, elaborated from a complementary vision of Science, Philosophy and Theology. He believes that the division among those fields is a dualistic distinction that the West should overcome. This philosophy is “the wisdom of love”, rather than the Socratic “love of wisdom”; it is an *imparative* or *dialogic* philosophy aiming at remaining open in an attempt to learn from the others, from the “different” ones. *Peculiarity* and

Recibido: 10/03/09. Aceptado: 03/12/09.

universalism are closely linked in their search for the inter-relationship between everything and the whole. This harmonious vision of the whole reality is expressed in the approach named by Panikkar as *cosmo-the-andric* or *the-anthropo-cosmic*, i.e. a trinity vision of the Whole encompassing God, Human Beings and the Cosmos.

Keywords: Raimon Panikkar, harmony of reality, wisdom of love, imparative philosophy, dialogic philosophy, peculiarity, universalism, inter-relationship, trinity, cosmotheandric, theanthropocosmic, God-Human Beings-World.

Raimon Panikkar (Barcelona 1918) é un dos grandes pensadores da nosa época; menos coñecido en España que fóra, é máis valorado noutros países, como teñen recoñecido en numerosas ocasións. Catedrático emérito da Universidade de California-Santa Bárbara, é un home dunha calidade intelectual e humana excepcional; tivo un percorrido existencial longo, riquísimo e fóra do común polas múltiples realidades que nel converxen: a realidade humana coa súa múltiple orixe hindú-cristiá, a realidade académica e intelectual interdisciplinar (doutoramentos en Filosofía, Ciencias e Teoloxía), pero tamén intercultural, interrelixiosa... Todo iso fai excepcional, particularmente valiosa e inclasificable a súa persoa, a súa longa e intensa vida (máis de 90 anos vividos entre Europa, a India e USA) e a súa amplísima obra (máis de sesenta libros e preto de 2000 artigos). El mesmo recoñece o “risco existencial” como unha característica da súa propia existencia: “O risco existencial é o dunha vida que se enraíza en máis dunha cultura e relixión... As miñas circunstancias persoais fixéronme posible aceptar o risco dunha conversión sen alleamento, a asunción sen repudiación, a síntese e simbiose sen caer nun sincretismo ou eclecticismo”¹. Raimon Panikkar é un sabio e un místico, un profeta do noso tempo, portador dunha mensaxe que plantea cuestións sen deixar encerrarse nunca no todo constituído dunha institución².

“Soy de aquellos que creen que no hay que volver a andar hacia atrás. Cada nuevo esfuerzo intelectual es un lanzarse hacia adelante... Lo que intento justamente es superar la fragmentación del saber y la fragmentación de la vida humana, y en consecuencia, mi respuesta es siempre: *todo o nada*”³.

¹ R. Panikkar, “Autobiografía intelectual. La filosofía como estilo de vida”, *Anthropos*, Barcelona, 53-54 (1985), 24.

² Cf. os meus libros *Más allá de la fragmentación de la teología, el saber y la vida: Raimon Panikkar*, Tirant lo Blanch, Valencia 2008 e *Dios, Hombre, Mundo: La trinidad en Raimon Panikkar*, Herder, Barcelona 2008.

³ R. Panikkar, “Reflexiones autobiográficas”, *Anthropos* 53-54 (1985), 22.

1. Filosofía, Ciencias e Teoloxía: A visión harmónica de toda a Realidade

A principal característica do pensamento de Raimon Panikkar é a vontade de integración de toda a realidade. Esa é a razón de facer xa na súa mocidade estudos de Ciencias, Filosofía e Teoloxía en diversas universidades de España, Alemaña e Italia; estudos que logo completaría na India. Un dos seus primeiros libros reflíte xa esta busca da unidade harmónica de toda a realidade:

“La realidad es una y múltiple a la vez, aunque no en el mismo sentido... En el mismo seno del uno y único Ser, existe *una Trinidad a la que hay que referir, en último término, todo problema ontológico divino y no divino*. Pero, aún dentro del ámbito de los seres, la realidad es una y múltiple a la vez: la creación es ontológicamente una y es variada al mismo tiempo. No puede, por tanto, subrayarse exclusivamente un aspecto con detrimento del otro. *No debe acentuarse tanto la diferencia entre materia y espíritu*, por ejemplo, de manera que se caiga en un dualismo radical, *ni debe tampoco considerarse sólo la unidad de tal modo que no se supere un monismo cosmológico*... El ser material es uno y toda consideración parcial sobre cualquier problema físico es, por lo menos, truncado, *cualquier visión cerrada de un ser en sí mismo es, por lo menos, un abuso*. Pero el ser material es múltiple también y, en consecuencia, cualquier reflexión exclusivamente deductiva será imperfecta por lo menos, cualquier enunciado general] será ciego o insensible a los particularismos que constituyen la multiplicidad de los seres... Mediante el realismo trascendental, se pretende garantizar la *unidad sin perder la analogía y sostener la diversidad sin caer en el dualismo*. Ciencia y Filosofía se complementan —y se necesitan— mutuamente; sólo su simbiosis armónica puede ofrecernos una visión no desfigurada de la realidad física”⁴.

Para R. Panikkar, Ciencia, Filosofía e Teoloxía complementáanse; por iso necesitou afondar nestas tres disciplinas para ir elaborando o seu pensamento. Licenciouse en Ciencias na Universidade de Barcelona e en Letras na de Madrid, doutorándose en Filosofía e Ciencias nesta Universidade; máis tarde faríao tamén en Teoloxía na Universidade Lateranense de Roma. O mesmo Panikkar explica o por que deste itinerario:

“Empecé estudiando la materia. Durante siete años fueron la física y la química mis ocupaciones intelectuales más serias. Al mismo tiempo empecé los estudios de filosofía, no porque me sintiese desengañado de mi trabajo científico; más bien era debido a una continuidad de mis intereses... Siguieron largos años de estrictos estudios filosóficos y actividad intelectual... No hubo ni ruptura ni cambio brusco. Pero incluso la teología me llegó a parecer una palabra demasiado restringida para

⁴ R. Panikkar, *Ontonomía de la ciencia. Sobre el sentido de la ciencia y sus relaciones con la filosofía*, Madrid 1961, 7-8.

describir mi interés y mi necesidad acuciante de una total inmersión en la vida, en una plena comunión con la realidad”⁵.

2. A Filosofía: sabedoría do amor. A perspectiva *cosmo-te-ándrica*

Raimon Panikkar doutorouse en Filosofía cunha tese dirixida por J. Zaragüeta (Madrid 1946), que se convertería no seu primeiro libro: *El Concepto de naturaleza. Análisis histórico y metafísico de un concepto*, premio “Menéndez Pelayo”.

“Preocupado por el substrato metafísico de una antropología integral que explicase al hombre personal y concreto tuve que abordar introductoriamamente el problema metafísico de la naturaleza... La cuestión de la naturaleza es el problema del *ser* y del *sentido del ser*... no es otra cosa, en el fondo, que la cuestión acerca de *estructura de la realidad*... Toda la Filosofía no es otra cosa que la compleja respuesta a esta sencilla pregunta... ¿qué es lo que constituye la naturaleza de las cosas?”⁶.

Desde as primeiras páxinas, Panikkar polemiza coa filosofía moderna, caracterizada polo que chama “separatismo da razón”, que levou á súa “absolutización e endeusamento (idealismo) e logo ao seu destronamento e superación (irracionalismo)”; para el ese “acantoamento da Fe é o que ocasiona no fondo a escisión do home”. Esta polémica de Panikkar co pensamento moderno agudízase co determinismo cartesiano, que considera a natureza como contraposta a espírito, pois aquela sería un conxunto de seres rexidos por un total determinismo; esta crítica contra o racionalismo cartesiano é rotunda en Panikkar ao longo de toda a súa obra ata o remate. Tamén critica o idealismo de Kant, Fichte, Schelling e, sobre todo, Hegel, aos que seguiría —di— a “reacción *irracionalista*”; todos manifestan para el o “endeusamento da razón”. Máis que a filosofía moderna, seducen a Panikkar as novas ciencias fisicomatemáticas (a relatividade, os quanta e a mecánica ondulatoria, etc.), “o último chanzo na evolución do concepto de natureza”: “A base de desenganos sufridos no mesmo seo da ciencia, polo influxo metafísico do home e o froito dunha filosofía realista e metafísica, vaise abrindo paso unha visión máis plena do mundo que considera a esfera captada pola ciencia como unha

⁵ R. Panikkar, “Autobiografía intelectual. La filosofía como estilo de vida”, art. cit.13.

⁶ R. Panikkar, *El Concepto de naturaleza. Análisis histórico y metafísico de un concepto*, Madrid 1951, 20 ed. 1972, 4.

faceta da complexa realidade”. Desenvolverá isto logo en *Ontonomía de la ciencia*, libro froito do traballo da súa tese en Ciencias (Madrid 1958); e xa apuntara isto en artigos científicos dos anos 40⁷.

Como outros grandes pensadores hispanos do seu tempo (Zubiri ou Amor Ruibal), a filosofía escolástica está no fundamento do pensamento de Panikkar, e sempre tivo moi en conta dous elementos fundamentais desta: a súa valoración da tradición e da *scientia sacra*. Recoñecendo o alto valor da Filosofía, sempre manifestou que esta, illadamente, non era quen de dar o último e integral sentido da existencia, que non pode atoparse sen a axuda da relixión⁸. Non se trata de converter de novo á Filosofía na *ancilla theologiae* medieval, senón de integrar ambas, pois “a fe é o catalizador da razón”⁹. Dito de outros modos, este planteamento perdurará sempre no seu pensamento. Pero a filosofía é para Panikkar moito máis; a súa progresiva interculturalidade obrigouno a ir, necesariamente, máis aló dos marcos estreitos do pensamento escolástico e mesmo do occidental, aínda que teña sempre moi en conta a ambos. Un colega da Universidade de California-Los Angeles, escribe:

“O pensamento de Panikkar ten antecedentes na *philosophia perennis*... Sen embargo, a perspectiva de Panikkar difire desta filosofía nun aspecto significativo, el ve a múltiple manifestación das expresións que constitúen a Realidade e desde aquí interioriza a súa tarefa”¹⁰.

Estudando a Panikkar, resulta evidente que o seu pensamento vai moito máis aló do apuntado, particularmente pola súa maneira de relacionar Deus, o Mundo e a Conciencia. No seu ensaio “La filosofía como estilo de vida”, di Panikkar o que para el representa *realmente* a filosofía, máis aló dunha ou outra escola. Superando a tradicional definición de Platón de *filosofía* como “amor á sabedoría”, inverte os termos e defínea como *sabedoría do amor*; entendendo sabedoría como arte e ciencia da vida:

“La filosofía es para mí *sabiduría del amor*, más que amor a la sabiduría... una clase especialísima de amor... No es simplemente *eros* o *agapê* o *bhakti* o *pre-*

⁷ R. Panikkar, *Ontonomía de la ciencia*, 170. “La ciencia biomatemática. Un ejemplo de síntesis científica”, *Arbor* 3 (1944); “El indeterminismo científico”, *Anales de Física y Química*, Madrid 396 (1945); “La entropía y el fin del mundo. Un problema de cosmología”, *Revista de filosofía*, 13 (1945); “La unidad física del tiempo”, *Congreso Internacional de Filosofía*, CSIC, Madrid (1949), II, 375-85.

⁸ R. Panikkar, “Síntesis. Visión de síntesis del universo”, *Arbor* 1 (1944).

⁹ “Autobiografía intelectual. La filosofía como estilo de vida”, art. cit. 29.

¹⁰ B. J. Lanzetta, “The Mystical Basis of Panikkar’s Thought”, en J. Prabhu (ed.), *The Intercultural Challenge of Raimon Panikkar*, NY 1996, 91-105.

ma. Es la *sophia* (*jñana*) contenida en el amor primordial... Es el resplandor del *kârma* original y originante de todo... Y la sabiduría emerge cuando el amor del conocimiento y el conocimiento del amor se unen”¹¹.

En *El concepto de naturaleza* xa dixera Panikkar: “O amor é o vínculo que une tódalas cousas entre si e con Deus, dando lugar á orde cósmica”.

“La esencia de la naturaleza es el amor... El amor es el vínculo unificador de todo el universo y la fuerza interna que lo anima... El amor es juntamente con la inteligencia el reflejo más perfecto de la Divinidad. Y la fría jerarquía de valores de la moderna axiología es la derivación de la cálida concepción escolástica del amor natural de cada cosa a su totalidad, o la totalidad del universo de que forma parte... como participación de un Dios que es amor... El último fin de todos los seres es Dios, y de El han recibido la fuerza y el impulso para amarle... El fin de toda criatura es el amor, ya que *amar es unirse con el amado con una unión más perfecta que la del conocimiento*”¹².

Panikkar manifesta claramente que é o amor o que une a realidade divina, humana e cósmica; unha relación entre materia e espírito, entre cosmos, ser humano e divindade, que el expresa coa *perspectiva cosmo-te-ándrica*. A filosofía como *sabedoría do amor* que enuncia Panikkar debe ser unha filosofía que desemboque nun estilo de vida: “Unha filosofía que só se ocupa de estruturas, teorías e ideas, apártase da vida, evita a praxe e reprime os sentimentos, é para min non só unilateral, porque deixa aspectos da realidade sen considerar, senón tamén mala filosofía”¹³. A actividade filosófica esixe unha total entrega, di en “Autobiografía intelectual”. Neste traballo resume a súa vida filosófica baixo dous capítulos: *risco existencial e responsabilidade intelectual*. O primeiro por ser unha vida que se enraíza en máis dunha cultura e relixión; e a *responsabilidade intelectual* para poder “expresar estas experiencias fundamentais dunha maneira intelixible... ¿pode o dilema monismo/dualismo resolverse non só na esfera existencial, senón tamén no dominio do intelecto?”¹⁴.

Este amor que une a realidade divina, humana e cósmica, materia e espírito, cosmos, ser humano e divindade, exprésao Panikkar coa súa *perspectiva cosmo-te-ándrica*. O *cosmoteandrismo* é un concepto panikkariano tan fundamental que está na base do seu pensamento. A perspectiva *cosmo-te-ándrica* —que mellor sería *te-antropo-cósmica*, pola gradación

¹¹ “Autobiografía intelectual”, art. cit. 12.

¹² *El concepto de naturaleza*, op. cit. 257.

¹³ “Autobiografía intelectual”, 12.

¹⁴ *Ibid.* 12.

xerárquica desta trindade que expresa a Realidade, e porque *anthropos* expresa mellor a realidade inclusiva do ser humano que *andros*— vén ser algo tan sinxelo como complexo: a intuición totalizante que ve a triple dimensión constituinte da Realidade, divina-humana-cósmica, como un todo: “É a intuición, totalmente integrada, do *tecido sen costuras da realidade enteira*”; “o coñecemento indiviso da totalidade”, di¹⁵. “O que conta é a realidade enteira —di noutro lugar—, a materia tanto coma o espírito, a ciencia tanto coma o misticismo, a alma tanto coma o corpo”¹⁶.

Desde a Fenomenoloxía, Husserl fala tamén da íntima relación de tódolos elementos da Realidade como un “correlacionismo trascendental” a partir da “conciencia constituínte”; fala de comunión de corpos e espíritos, da íntima relación entre o cosmos, a conciencia e o mesmo Deus, cara a unha “redución intersubxectiva”¹⁷. En sintonía co ambiente da Fenomenoloxía e a correlación na que o elemento subxectivo entra de maneira constitutiva, suxeito e obxecto están desde sempre unidos en tanto que integrados na común relatividade do universo, Zubiri e Amor Ruibal —que como Panikkar tiveron que romper coa escolástica para pensar libremente— falan en termos semellantes. Zubiri, que se abriu como Panikkar ás ciencias físicas¹⁸, fala tamén da relación entre o cosmos, a conciencia e a divindade en *Naturaleza, Historia, Dios*: a realidade funda o meu ser persoal desde a súa intrínseca “fundamentalidade”, “apoderándose de min”; este apoderamento líganos ao poder do real coa peculiaridade da *religación*¹⁹. E Amor Ruibal fala desta relación desde o “correlacionismo ontolóxico”, “relatividade”, “relativismo” ou “sintetismo universal”; este é un “sentido profundo de comunión mutua, de íntima correlación que vincula entre si, constitutiva e dinamicamente, aos seres do universo, facendo deles un todo en certo modo orgánico, un todo que eles constitúen e polo cal son constituídos”²⁰. Pero, posiblemente, ambos non chegan á radical relación que fai Raimon Panikkar entre os tres polos da Realidade. Item máis, mentres o “fundamento abisal” da Realidade (a “*fontanalidade*” zubiriana) está para Panikkar, Amor Ruibal

¹⁵ R. Panikkar, *La intuición cosmoteándrica. Las tres dimensiones de la realidad*, Madrid 1999, 19.

¹⁶ R. Panikkar, “La intuición cosmoteándrica”, en *La nueva inocencia*, Estella 1993, 54.

¹⁷ Cf. Nel Rodríguez Rial, *El hechizo del ser*, vol. II do seu *Curso de Estética Fenomenológica*, Sada-A Coruña 2000, 217 e ss.

¹⁸ Cf. verbo da súa formación científica, o seu ensaio pioneiro “La idea de *Naturaleza: la nueva física*”, en *Naturaleza, Historia, Dios*, Madrid 1999¹¹, 293-354.

¹⁹ Cf. J.L. Abellán, *Historia del Pensamiento Español*, Madrid 1998, 608-610.

e Zubiri na Divindade, en Husserl estaría na Conciencia. De todos xeitos, pode ser un traballo interesante estudar máis a fondo a relación entre estas concepcións nos catro autores.

3. Unha filosofía *imparativa*

Outro elemento fundamental da filosofía de Panikkar é a interculturalidade. Para poder chegar a un verdadeiro coñecemento da realidade é imprescindible ter en conta as distintas culturas humanas: ningún pensamento ou cultura é quen de descubrir toda a realidade. Cómpre escoitar co oído, a mente e o corazón ben aberto ás perspectivas de outras culturas. É o que el chama filosofía *imparativa* ou *dialóxica*. Fronte á filosofía comparada, a fenomenolóxica e a estrutural, Panikkar fala dunha filosofía *imparativa* que pretende estar permanentemente aberta nun esforzo de aprender constantemente dos outros e as súas diferentes culturas; permitindo que as nosas visións sexan fecundadas polas deles. Trátase dun método de pensamento “disposto a aprender de calquera currunchito filosófico do mundo, sen pretender comparar filosofías desde un obxectivo neutral”, que ven sendo en realidade un punto de vista vantaxoso.

Esta filosofía *imparativa* (de *imparare*, en latin medieval “actitude de aprendizaxe”) é crítica e consciente de que “non podemos escaparnos ao feito de tomar postura onde queira que filosofemos, e tal limitación fai o noso filosofar relativo a empresas similares acometidas desde diferentes ángulos”; por iso, é moi consciente da súa continxencia: “Non somos a única fonte de (auto)comprensión”. Esta filosofía está constantemente “aberta a un diálogo *dialóxico* con outras visións filosóficas, e non só á confrontación dialéctica e ao diálogo racional”, non pretendendo vencer nin sequera convencer, senón buscar xuntos a verdade desde diferentes posicións para ir chegando a un entendemento mutuo²¹.

Na aposta intercultural, Panikkar foi tan lonxe, que alguén puido escribir: “Ninguén loitou con máis coraxe co problema do pluralismo como Raimon Panikkar. Este non é para el só un problema teórico senón máis ben práctico, e supón unha dificultade para o entendemento coa

²⁰ Cf. A. Torres Queiruga, “Angel Amor Ruibal”, en *Diccionario Enciclopedia do Pensamento Galego*, Vigo 2008.

²¹ R. Panikkar, “¿Donde está el fulcro de la filosofía comparativa?”, *Sobre el diálogo intercultural*, Salamanca 1990, 71-94.

Igrexa Católica Romana da que é un fiel membro. Este é, ademais, un profundo problema existencial”²².

4. Filosofía e Teoloxía, unha distinción dualista que Occidente debe superar e que a tradición oriental ten integrada

Raimon Panikkar doutorouse en Teoloxía na Universidade Lateranense de Roma coa tese *El Cristo desconocido del Hinduismo* (1961), que logo se convertería nun dos seus libros de máis éxito, editado en diversas linguas. O interese da súa reflexión científica e filosófica está intimamente vinculado á súa orientación teolóxica, coherente co plan de traballo que se propuxo desde os seus comezos:

“Más que un intento de armonizar la Ciencia con la Filosofía, lo que nos ha espolcado a lo largo de estas páginas, reflejo de una preocupación de muchos años por estos problemas cosmológicos, es más bien una visión teológica de la Ciencia; esto es, no una Meta-Física, sino una *Teo-Física*... No se trata de una Física de Dios, sino del *Dios de la Física*; esto es, un Dios creador del mundo; mundo no como un ser autónomo, independiente y desconectado de Dios, sino constitutiva y ontológicamente religado a El... *Lo que realmente buscábamos era una visión de la Ciencia como Teología*, esto es, una concepción de la Física como Teofísica”²³.

Para Raimon Panikkar, a teoloxía está intrinsecamente impregnada de filosofía e a filosofía atópase abocada a plantearse problemas teolóxicos. Teoloxía e filosofía proceden conxuntamente, pois “non existe “filosofía” sen unha dose de fe, e non existe teoloxía sen a razón. A “filosofía” ten fe na razón. A teoloxía ten que dar certa razón da súa fe”²⁴. Anos despois escribe:

“Teólogos y filósofos, a pesar de querer aferrarse a sus respectivas especializaciones, se ven forzados a traspasar fronteras celosamente custodiadas por la “modernidad”... Una filosofía ateológica se muestra incapaz de entender y gestar la condición humana. Y una teología afilosófica pierde toda su credibilidad”²⁵.

²² John B. Cobb, “Metaphysical Pluralism”, *The Intercultural Challenge of Raimon Panikkar*, op. cit. 46.

²³ *Ontonomía de la ciencia*, op. cit. 355.

²⁴ R. Panikkar, *Misterio y revelación. Hinduismo y cristianismo, encuentro entre dos culturas*, Madrid 1971, 60. Panikkar sitúa a palabra *filosofía* entre comiñas, pois sabe que aínda que isto debiera ser así, a filosofía foise separando paulatinamente da teoloxía en occidente ata chegar a facerse irreconciliables para moitos pensadores contemporáneos.

²⁵ R. Panikkar, “¿Filosofía o teología?”, en *La experiencia filosófica de la India*, Madrid 1997, 25-26.

Teoloxía e filosofía, coa ciencia e a mística, son aspectos ou *modos* de coñecemento da única realidade, que ten tres dimensións inseparables (sensible, racional e mística). Para Panikkar, o *pensamento íntegro*, total, debe ter en conta, necesariamente, as tres dimensións; só do reencontro entre filosofía e teoloxía pode vir a necesaria resurrección de ambas.

“Nos hace falta una *sabiduría divina y humana* a la vez. Y así lo ha visto la humanidad desde antiguo; pero la armonía raramente se ha conseguido. El equilibrio se ha desplazado hacia teocentrismos deshumanizantes o hacia antropocentrismos degradantes... El filósofo es *amante de la sabiduría* porque participa en la *sabiduría del amor*... no ha escindido el amor del saber ni ha subordinado el uno al otro”²⁶.

Por iso, non pode darse unha ruptura entre as ciencias da natureza e as ciencias do espírito: “Non recoñezo as rupturas entre ontoloxía e epistemoloxía, entre filosofía e teoloxía, entre as ciencias *do espírito* e as *da natureza*... As tres dimensións da realidade son inseparables. A esquizofrenia pode ser tamén unha enfermidade cultural”²⁷. Durante moito tempo, o ser humano buscou a verdade última con todo o seu ser, sen facer distinción entre filosofía e teoloxía, pero logo foise realizando un proceso de discriminación e escisión paulatina. Este proceso sitúase sobre todo no cristianismo, coa súa *distinción entre razón e fe*. A unión harmónica entre razón e fe é a que dá orixe a unha auténtica filosofía e a unha auténtica teoloxía; a fe cristiá non é só unha forma de coñecemento, senón un don libre de Deus, principio da “divinización do home”.

Esta distinción occidental está integrada na tradición india, cuxa filosofía abarca os tres planos (relixión, filosofía e teoloxía) e é todo á vez. Para Panikkar deberían volver integrarse en Occidente, camiñando de novo xuntas, de maneira complementaria. Porque se a razón é “o *ollo* interno” que pode ver mellor que calquera outro coñecemento, é, sen embargo, de curto alcance, pois o horizonte de visibilidade da nosa razón coincide cos seus límites; a través dela só podemos acadar o aspecto *racional* da realidade total. En cambio, a fe permite acadar un grao superior de coñecemento; sería “o *oído* interno”, capaz de oír non tan claramente como a razón, pero percibindo a realidade a meirande distancia. Deste xeito, a razón non pode vivir sen a fe e a fe non pode obrar sen a razón.

Pode que esa discriminación entre fe relixiosa e razón fora necesaria, pola vontade imperial da primeira, pero o enfrontamento foi nefasto e

²⁶ *Ibid.* 15-16.

²⁷ R. Panikkar, *Entre Dieu et le cosmos*, Paris 1998, 17.

destrutivo para ambas, xa que o desenvolvemento autónomo de ambas liñas de coñecemento, cristalizado nas diversas ciencias, foi parello a unha desintegración negativa. Panikkar considera que esta corrupción afectou á teoloxía, concibida agora como unha “*ciencia*” pura, unha dedución dialéctica de conclusións a partir dunha revelación prefixada; así, perdeu a súa verdadeira perspectiva sapiencial. Compre que razón e fe, filosofía e teoloxía volvan camiñar xuntas na busca dunha verdadeira *sabedoría*; Panikkar, e con el moitos máis, pensamos que hoxe hai xa a posibilidade de integrar os distintos estratos do coñecemento humano nunha filosofía real e omnicompreensiva, “unha *filosofía teolóxica* ou unha *teoloxía filosófica*” sen que ningunha suplante á outra, senón que se complementen. Temos a posibilidade “dunha nova síntese *ontonómica* na que a verdade non destrúa a variedade, a síntese, a análise, e na que o Absoluto non escureza o relativo, senón que cada cousa ocupe verdadeiramente o posto que lle corresponde, teña unha orde *óptica (ontonomía)* segundo as súas propias leis (*nomos*) ontolóxicas”.

Trátase de volver a un coñecemento e unha sabedoría integral da realidade, unha visión completa dos problemas últimos que sexa a resposta espiritual do ser humano ao problema da existencia. Un pensamento de claro carácter *sapiencial*, que require non só agudeza mental, senón tamén virtude moral e espírito contemplativo, ascetismo e santidad, xunto a capacidade reflexiva. A pesar dos mutuos enfrontamentos, *filosofía e teoloxía están intimamente implicadas na única busca do Ser*. A reconciliación entre filosofía e relixión é un desafío tanto ás filosofías como ás teoloxías occidentais. Díciáo Panikkar recentemente falando dun pensamento oriental que invita a superar moldes clasificatorios e distincións da cultura dominante que considera artificiosos:

“Es uno de los desafíos más fecundos de la Escuela de Kioto a [la filosofía y] las religiones monoteístas. Acaso permita a Occidente salir de su extremismo separador y reconciliar filosofía y religión... El espíritu de la “Escuela de Kioto” es religioso en el sentido más profundo de la palabra: el reconocimiento de la peregrinación humana como algo que no se limita a un paseo por un espacio físico y un tiempo lineal y que en este camino existencial y personal el intelecto humano es nuestro acompañante indispensable; en caso contrario, la religión es superstición y la filosofía un lujo superfluo”²⁸.

²⁸ R. Panikkar, “Prólogo”, J. W. Heisig, *Filósofos de la nada. Un ensayo sobre la escuela de Kioto*, Barcelona 2002, 16.

5. *Colligite fragmenta*. A parte e o todo. Particularismo e universalidade

“*Colligite quae superaverunt fragmenta, ne pereant*” (Xn 6,12). Esta frase de Xesús nos Evanxeos, que pon fin ao relato de Xoán da multiplicación dos pans e os peixes, moi querida por Raimon Panikkar²⁹, resume outro aspecto fundamental do seu pensamento: a integración do conxunto de toda a realidade en tódalas súas dimensións; recoller os *fragmentos* espaxados, ata os máis pequenos, para reconstruír o *todo harmónico* do que se escindiron: “Nada se despreza, nada se deixa de lado. Todo está integrado, asumido, transfigurado... Pensar tódolos fragmentos do noso mundo actual para reunilos nun conxunto non monolítico, pero si harmónico”³⁰.

Fronte ao reduccionismo —“pecado filosófico habitual”, como insiste Panikkar unha e outra vez— a súa teoloxía ten como principal característica esta obsesión polo *Todo*, por unha harmonía entre as diversas realidades particulares e as distintas concepcións culturais do occidente moderno e do oriente. Trátase de achegarse a unha auténtica “visión do todo”. Por iso Panikkar repite: “A miña gran aspiración era e é abarcar, ou máis ben chegar a ser *a realidade en toda a súa plenitude*”. Por iso, desde unha postura de inspiración budista, non dubida afirmar:

“¿A donde quiero ir a parar?... No *quiero* ir a ninguna parte. Esto representaría no haber salido aun de la fase *voluntarista*... que configura prácticamente la cultura post platónico-aristotélica-kantiana occidental... No se trata de ir a ninguna parte. No es cuestión de parte alguna. No es cuestión de parcialidades... *Es cuestión del todo*”³¹.

Como escribe Jordi Pigem: Panikkar non pensa de maneira lineal; a súa mente salta nun “patrón mandálico”, creando constantemente proxeccións frescas dunha intuición central e mostrando a súa interrelación. Por iso, a estrutura última da realidade é que “non hai ningunha estrutura”, senón “*interrelacións*” que a constitúen³². Panikkar, corroboraba isto

²⁹ R. Panikkar, “*Colligite Fragmenta: For an Integration of Reality*”, *From Alienation to At-Oneness*, The Villanova University Press 1977.

³⁰ *La intuición cosmoteándrica*, op. cit. 19-20.

³¹ R. Panikkar, Prólogo de *El silencio del Buddha. Una introducción al ateísmo religioso* Madrid 1996.

³² J. Pigem, *El pensament de Raimon Panikkar. Una filosofía de la inter-dependencia*, Barcelona 2006.

dicindo que “a realidade non ten estrutura”, o que hai é unha “interconexión de todo co todo”³³. Por iso, *particularismo* e *universalidade* están indisolublemente unidos na reflexión e na vida de Raimon Panikkar na busca da interrelación que existe de todo con todo. Non se pode chegar a acadar a realidade total se non é desde o particular, pero saltando de novo desta a aquela. Como temos repetido en máis dunha ocasión, ao falar entre a dialéctica nacionalismo-universalidade, Panikkar sabe que non se pode ser verdadeiramente universal sen ser radicalmente particular. O particular fainos concretos, enraízanos nunha cultura e nun lugar concreto para non vivir illados. Por iso, “todo o que afonda converxe”, como afirma unha máxima dun ignoto autor; só se pode ser verdadeiramente universal desde a propia singularidade maduramente asumida: para ser xenuinamente *universal* compre ser radicalmente *concreto*; pois hai unha interconexión ou interdependencia de todo con todo.

6. *Pars pro toto* e “harmonía invisible”

Finalmente, dous conceptos fundamentais do pensamento de Raimon Panikkar son *pars pro toto* e *harmonía invisible*; sobre todo para fundamentar un auténtico diálogo intercultural e inter-relixioso. *Pars pro toto* significa que a visión que eu teño do *todo* da realidade (*totum*), réalízola, necesaria e lexitimamente a un tempo, a través da *miña* particular fiestra cultural e relixiosa (*pars*): “Non hai universalidade nin obxectiva nin subxectiva. Vemos canto podemos ver, pero só *todo* o que *nós* podemos ver, o noso *totum*”. O todo é sempre apetecible e “saudable” —engade Panikkar— para nós, e “algo é completo cando ten unha harmonía interna”; o todo suxire coñecemento, pero tamén beleza e bondade³⁴.

Panikkar explica dicindo: “Intencionalmente dirixímonos ao *totum*, pero ata que outros non nos fan caer na conta, non somos conscientes de que en virtude do efecto *pars pro toto* coñecemos o *totum* só *in parte* e *per partem*. Vemos todo a través da nosa fiestra e, ao mesmo tempo refractado nela”³⁵.

³³ R. Panikkar, “¿Mística comparada?”, en VV AA, *La mística en el siglo XXI*, Madrid 2002, 228.

³⁴ R. Panikkar, “La armonía invisible ¿Una teoría universal de la religión, o una confianza cósmica en la realidad”, en *Sobre el diálogo intercultural*, Salamanca 1990.

³⁵ *La experiencia filosófica de la India*, op. cit. 109.

“El verdadero ecumenismo no es la reducción a un denominador común. La auténtica tolerancia no requiere destruir los puntos de vista inaceptables. No hace falta diluir las propias convicciones religiosas para poder aceptar las de otros. Cada tradición reclama el todo (*totum*) y lo busca de manera incondicional... pero ve el *totum in parte et per partem*, en sus propias categorías y desde su perspectiva, lo cual permite armonizar las exigencias del pensamiento holístico y del enfoque global de la realidad con las condiciones del pensamiento analítico”³⁶.

O efecto *pars pro toto* relaciónase de maneira directa co que R. Panikkar chama a *harmonía invisible*, harmonía que debe existir entre tódalas culturas e relixións, a mesma que existe en toda a realidade.

“La armonía invisible interna se manifiesta en el modo creativo y espontáneo con que trato un religión particular, porque realmente me encuentro como en mi casa y, de esta forma, soy capaz de simplificar y de relacionar cosas dispares, o unificar prácticas.... Cuando nuestra relación con una corriente religiosa es a este nivel, debemos hablar *ex abundantia cordis et mentis*, más que desde un catálogo de proposiciones... Cualquier diálogo religioso auténtico disipa las malas interpretaciones por ambos lados, y propicia las rectificaciones y las nuevas interpretaciones”.

Por iso, o pensamento de Panikkar respecto á relación entre as distintas culturas e relixións da terra é o oposto a unha lingua ou relixión única, un sincretismo froito dunha *teoría universal*, a base do esforzo por acadar unha comprensión intelectual e global total: un ecumenismo igualador, ou un “*esperanto ecuménico*”. Trátase, máis ben, de descubrir a “*harmonía invisible*” de tódalas culturas e relixións, parella á de toda a realidade. A busca dunha “teoría universal” fomenta o diálogo, pero corre o perigo de impor a súa propia linguaxe e a supremacía dunha razón fronte ao espírito que subxace en todas³⁷.

Debemos abrírnos aos demais e crer, confiar na experiencia humana no seu conxunto, na harmonía dos seres humanos e do cosmos. Particularmente, no relixioso, pois se na relixión se manifestaron as máis baixas paixóns e ten levado ás meirandes catástrofes, tamén nela aconteceron as experiencias humanas máis excelsas; e mesmo, manifesta como ningunha outra creación humana “unha certa totalidade”. Por iso, Raimon Panikkar conclúe que “a relixión é a *sinfonía*, non o simple músico”.

³⁶ R. Panikkar, *Invitación a la sabiduría*, Madrid 1998, 128.

³⁷ R. Panikkar, *Invisible Harmony. Essays on Contemplation Responsibility*, Minneapolis 1995, 123.